



**REFERENCIA DO CONSELLO DA XUNTA DE GALICIA
QUE TIVO LUGAR NO COMPLEXO ADMINISTRATIVO
DE SAN CAETANO O DÍA 27 DE OUTUBRO DE 2005,
BAIXO A PRESIDENCIA DO EXCMO. SR.
D. EMILIO PÉREZ TOURIÑO**

P R O X E C T O S D E L E I

CONSELLERÍA DO MEDIO RURAL

- Proxecto de Lei polo que se modifica a Lei das parcerías e dos arrendamentos rústicos históricos.

D E C R E T O S

CONSELLERÍA DE PRESIDENCIA, ADMINISTRACIÓN PÚBLICA E XUSTIZA

- Decreto polo que se resolve o expediente de deslindamento entre os termos municipais dos concellos de Vilaboa a Moaña (Pontevedra).
- Decreto polo que se aproban os estatutos do Colexio Oficial de Doutores e Licenciados en Filosofía e Letras e en Ciencias de Galicia.

A C O R D O S

CONSELLERÍA DE ECONOMÍA E FACENDA

- Acordo polo que se establece a constitución dunha comisión de expertos para a realización dun informe de valoración da situación económico-financeira da Xunta de Galicia no período 2004-2005.
- O Consello da Xunta deuse por enterado da Conta Xeral do 2004, formulada pola intervención xeral da Comunidade Autónoma.

CONSELLERÍA DE POLÍTICA TERRITORIAL, OBRAS PÚBLICAS E TRANSPORTES

- Acordo polo que se autoriza o incremento do compromiso de gastos aprobados no Consello do 20 de xaneiro de 2005, derivados do convenio de colaboración entre a Consellería de Política Territorial, Obras Públicas e Vivenda e os concellos de Ferrol, Ares, Cabanas, Fene, Mugardos, Narón, Neda, Pontedeume e Valdoviño, para o desenvolvemento conxunto do transporte metropolitano de Galicia na área de Ferrol, segundo as previsións do referido convenio.



CONSELLERÍA DE EDUCACIÓN E ORDENACIÓN UNIVERSITARIA

- Acordo polo que se autoriza o gasto plurianual que se deriva do convenio entre a Consellería de Educación e Ordenación Universitaria e a Fundación de Exposicións e Congresos da Estrada, sobre a colaboración educativa nas ensinanzas de formación profesional e, especialmente nas da familia profesional *Madeira e Moble*, e de retroactividade do gasto desde o 1 de outubro de 2005.

CONSELLERÍA DE SANIDADE

- Acordo polo que se autoriza a subscrición da primeira *addenda* ao contrato programa asinado entre o Servizo Galego de Saúde e a Fundación Pública Urxencias Sanitarias de Galicia 061, pola que se amplían os programas de actividades durante o ano 2005.
- Acordo polo que se autoriza a subscrición dun convenio de colaboración entre a Consellería de Sanidade e a Fundación Galicia Innova, para a xestión do desenvolvemento do programa de prevención dirixido a mozos con sancións administrativas por consumo ou tenza de drogas en lugares públicos.
- Acordo polo que se establecen as directrices de política sanitaria de Galicia e o posicionamento estratéxico da Consellería de Sanidade para o período 2005-2009, de conformidade co establecido no artigo 20.1 da Lei de ordenación sanitaria de Galicia.

MEDIO AMBIENTE E DESENVOLVEMENTO SOSTIBLE

- Acordo polo que se determina o réxime de financiamento das obras "Actuacións de saneamento na conca Galicia-Costa. Rede de colectores de saneamentos en Noia (A Coruña)", por importe de trescentos cincuenta e sete mil seiscentos setenta e un euros con sesenta e nove céntimos, cunha subvención do 100% a cargo da Xunta de Galicia.

I N F O R M E S

CONSELLERÍA DO MEDIO RURAL

- Informe sobre a Orde pola que se amplía a dotación orzamentaria para a concesión de axudas aos plans de reestruturación e reconversión do viñado de Galicia, convocadas pola Orde do 23 de marzo de 2005.



APROBADOS OS ESTATUTOS DO COLEXIO OFICIAL DE DOUTORES E LICENCIADOS EN FILOSOFÍA E LETRAS E EN CIENCIAS DE GALICIA

- ***Titulados en matemáticas, pedagogía, filoloxía, filosofía, historia e historia da arte forman esta institución, que naceu en 1915***

O Goberno de Galicia deu o visto e praxe ao decreto polo que se aproban os novos estatutos do Colexio Oficial de Doutores e Licenciados en Filosofía e Letras e en Ciencias de Galicia, institución que naceu no ano 1915, baixo a vixencia do Real Decreto de 23 do outubro de 1913.

Forman parte desta asociación os licenciados e doutorados en matemáticas, pedagogía, filoloxía, filosofía, historia, historia da arte e os posuidores de títulos homologados a estes; os licenciados e doutorados que posúan un título declarado equivalente aos anteriores expedido na Unión Europea; os titulados das novas carreiras desagregadas das xa mencionadas; e os licenciados e doutores que teñan a súa actividade principal no sector da educación.

Os fins do Colexio son, principalmente, ordenar o exercicio da profesión, representala de maneira exclusiva e defender os intereses profesionais dos colexiados a través da súa formación e perfeccionamento. Así mesmo, a institución tenta promover o incremento da calidade das prestacións profesionais dos colexiados, e coopera na mellora dos estudos que levan á obtención dos títulos habilitantes para o exercicio das correspondentes profesións.

Funcións do Colexio

A asociación ten as competencias de ordenar con normas propias a actividade dos colexiados, velando pola súa ética e dignidade e pola conciliación dos seus intereses co interese social e os dereitos dos usuarios; garantir unha organización colexial eficaz e democrática; exercer a representación e defensa da profesión en Galicia; adoptar as medidas necesarias para evitar o intrusismo profesional; colaborar cos directores de centros de ensino privado para asegurar o cumprimento dos requisitos do exercicio profesional; establecer baremos de honorarios orientativos; procurar a colaboración entre os colexiados impedindo toda competencia desleal; e colaborar coas entidades de formación dos futuros titulados na mellora dos estudos e da súa preparación, entre outras.

Os seus órganos colexiados son a Xunta Xeral (órgano supremo do Colexio, os seus acordos adoptados estatutariamente obrigan os colexiados), a Xunta de Goberno (órgano de xestión do Colexio, os seus membros deben ser elixidos segundo o previsto polos estatutos) e un decano ou decana, como órgano unipersoal de representación da corporación.



Case un século de historia

A asociación, de profundo arraigo en Galicia, tivo un gran impulso en 1926, ao tomar iniciativas a prol da profesión, da formación educativa e da atención aos seus colexiados que foron moi apreciadas pola comunidade galega e que tiveron unha gran repercusión nos medios educativos e profesionais. Un exemplo disto é o Proxecto de Regulamento dos Colexios Oficiais de Facultativos Docentes, aprobado en 1932, que foi profusamente distribuído no Estado xa que poñía de relevo os problemas que os colexios querían resolver para mellorar o funcionamento da profesión educativa.

Nese mesmo ano, o Colexio desempeñou un papel relevante na creación das bases para a formacións duns estatutos xerais dos Colexios de Doutores e Licenciados. A I Asemblea Rexional do Colexio tivo lugar en 1933, e nela acordouse crear unha bolsa de traballo profesional e un boletín científico-profesional, co que cooperaron as facultades de Ciencias e Filosofía e Letras da Universidade de Santiago de Compostela.



POLÍTICA TERRITORIAL INCREMENTA EN 543.984 EUROS A CANTIDADE INICIALMENTE PREVISTA PARA O DESENVOLVEMENTO DO TRANSPORTE METROPOLITANO NA ÁREA DE FERROL

- *A contía global destinada este ano a subvencionar a dito transporte de viaxeiros elévase a 344.465 euros*

O Consello da Xunta autorizou hoxe á Consellería de Política Territorial, Obras Públicas e Transportes a incrementar en 50.000 euros a cantidade inicialmente prevista (de 294.465 euros) no convenio asinado cos concellos de Ferrol, Ares, Cabanas, Fene, Mugardos, Narón, Neda, Pontedeume e Valdoviño, para o desenvolvemento conxunto do transporte metropolitano de Galicia na área de Ferrol. Deste xeito, a contía total destinada este ano para tal fin elévase a 344.465 euros.

Cabe salientar que o convenio formalizado entre a Xunta e os citados concellos establece un sistema de compensación tarifaria para as empresas que se incorporen ao transporte metropolitano de Galicia na área de Ferrol.

Debido á aplicación do IPC e do incremento do prezo do gasóleo, tanto a Xunta coma os concellos beneficiarios estimaron necesario elevar a cantidade global que perciben as empresas que prestan os servizos de transporte metropolitano en Ferrol e a súa área de influencia.

Por tal motivo, procedeuse a unha revisión dos compromisos de gasto asumidos, nun principio, por parte da Consellería de Política Territorial para este ano.

Ademais do incremento aprobado hoxe polo Consello da Xunta para este ano, tamén se prevé aumentar as contías xa previstas para os seguintes exercicios. Así, o montante previsto para 2006 elévase ata 454.342 euros (139.265 euros máis dos previstos inicialmente); en 2007 a contía prevista será de 500.730 euros (163.597 euros máis); e en 2008, 551.854 euros (191.122 euros máis). Acadando un incremento total de 543.984 euros ata 2008.



EDUCACIÓN E A FUNDACIÓN DE EXPOSICIÓNS E CONGRESOS DA ESTRADA COLABORAN NA IMPARTICIÓ DUN CICLO FORMATIVO DE MADEIRA E MOBLE

- ***A Administración educativa financiará este convenio achegando máis de 30.000 euros***

O Consello da Xunta autorizou a sinatura dun convenio entre a Consellería de Educación e Ordenación Universitaria e a Fundación de Exposicións e Congresos da Estrada sobre a colaboración educativa nas ensinanzas de formación profesional e especialmente nas da familia profesional de *Madeira e Moble*.

Segundo este convenio, establecerase un programa de formación en centros de traballo que se desenvolverá nas instalacións das entidades que conforman a Fundación de Exposicións e Congresos da Estrada. Ademais, tamén se impartirán nas dependencias da fundación ensinanzas de formación profesional específica da familia profesional *Madeira e Moble*.

Por outra parte, levarase a cabo a orientación na formación e actualización do profesorado dependente da Consellería de Educación e Ordenación Universitaria, así como a formación, actualización e reciclaxe dos traballadores da Fundación de Exposicións e Congresos da Estrada. Este convenio recolle tamén a posta en marcha de accións de orientación profesional dirixidas aos alumnos de formación profesional e a colaboración de expertos da Fundación na impartición das ensinanzas da formación profesional específica de grao medio e superior.

Ao abeiro deste convenio, a Consellería de Educación autoriza a posta en funcionamento e organización das ensinanzas de formación profesional específica da familia profesional de *Madeira e Moble*, que se impartirán compartidamente nas instalacións do IES Antón Losada Diéguez da Estrada e nas instalacións da Fundación de Exposicións e Congresos da Estrada. A impartición destes estudos nas instalacións da Fundación refírese a aqueles módulos que precisen de talleres ou instalacións especiais e que o IES Antón Losada Diéguez non posúe.

A Administración educativa galega achegará o persoal docente necesario e farase cargo dos gastos de funcionamento para o desenvolvemento das ensinanzas da familia profesional de *Madeira e Moble*. Os gastos ordinarios específicos de funcionamento, en concreto o ciclo formativo de grao medio fabricación a medida e instalación de carpintería e moble, que asume a Consellería de Educación, estímase nun importe máximo de 30.050,60 euros, que se repartirán de xeito que 12.020,24 euros se investirán en 2005 e 18.030,36 en 2006.



O GOBERNO GALEGO MODIFICARÁ A LEI DAS PARCERÍAS E DOS ARRENDAMENTOS RÚSTICOS HISTÓRICOS PARA FACILITARLLE O ACCESO Á PROPIEDAD A ESTE COLECTIVO

- *O Consello da Xunta aprobou hoxe o anteproxecto de lei que permitirá modificar a Lei 3/93 de 16 de abril co fin de prorrogar por cinco anos máis o réxime xurídico establecido para os arrendatarios e parceiros galegos, que posúen un contrato deste tipo desde antes do 1 de agosto de 1942.*

O conselleiro do Medio Rural, Alfredo Suárez Canal, informou hoxe os membros do Consello da Xunta da necesidade de modificar a Lei 3/93, do 16 de abril, das parcerías e dos arrendamentos rústicos históricos de Galicia -entendendo por tales os que se constituíron antes do 1 de agosto de 1942- para que este colectivo poida seguir accedendo á propiedade de terras, vivendas e outros edificios rústicos a través da axuda económica da administración.

Mediante o anteproxecto de lei que hoxe aprobou o executivo autonómico, e que será levado ao Parlamento en breve, prorrogarase durante cinco anos máis o réxime xurídico establecido para os parceiros e arrendatarios, que segundo a citada normativa en vigor expiraba a finais de 2005. Isto vai permitir que poidan seguir acolléndose á liña de subvencións existentes para acceder á terra e a outras propiedades. Desde o ano 1993 ata a actualidade, 271 parceiros e arrendatarios beneficiáronse destas medidas ao recibir unha contía total de 3.850.592 euros en concepto de axudas para este fin.

A Consellería do Medio Rural entende que, dado que este colectivo e os seus descendentes contribuíron ao actual valor das terras mediante o seu cultivo e constitúen unha institución propia dentro do dereito civil de Galicia, é necesario prorrogar as medidas económicas das que dispoñen para acceder á súa propiedade. O anteproxecto de lei ten como obxectivo dar cobertura ás solicitudes dun gran número de arrendatarios rústico históricos que manifestaron a súa intención de acollerse ás axudas e que, por distintas causas (unhas veces pola lentitude á hora de acadar un acordo co propietario e outras por estar mesmo na pertinente vía xudicial) veñen engrosar a relación de 243 presolicitudes que existen na actualidade.

O departamento que dirixe Alfredo Suárez Canal estima que esta prórroga ata o 31 de decembro de 2010 é suficiente para que todos aqueles parceiros e arrendatarios galegos que queiran comprar terras vexan recoñecido o seu dereito de acceso á propiedade. Ademais salienta o feito de que esta ampliación non comporta incremento de custos con respecto a este ano 2005 nin aos anteriores, xa que nos orzamentos autonómicos xa se viña incluíndo esta partida orzamentaria desde 1993,



XUNTA DE GALICIA

PRESIDENCIA
SECRETARÍA XERAL DE COMUNICACIÓN

INFORMACIÓN AOS MEDIOS

con financiación do Ministerio de Agricultura, Pesca e Alimentación no período que vai ata 1998, e con financiamento propio desde o ano 1999.



MEDIO RURAL AMPLÍA EN 3,8 MILLÓNS DE EUROS A DOTACIÓN DAS AXUDAS AOS PLANS DE REESTRUTURACIÓN E RECONVERSIÓN DOS VIÑEDOS EN GALICIA

- *O obxectivo desta orde é poder cubrir todas as solicitudes de axudas presentadas, xa que as previsións indican que superan o crédito inicialmente asignado de 6 millóns de euros*

O Consello da Xunta deu hoxe o visto e prace á orde pola que se amplía en 3,8 millóns de euros a dotación orzamentaria prevista para a concesión de axudas aos plans de reestruturación e reconversión dos viñedos, aprobadas mediante outra orde anterior o pasado 23 de marzo de 2005. Este incremento realizarase con cargo aos orzamentos xerais da comunidade autónoma para o ano 2005 e desagregarase do seguinte xeito: no actual exercicio disporase de 2,5 millóns de euros máis, en 2006 de 500.000, e en 2007 e 2008 de 400.000 euros máis en cada anualidade.

A modificación responde á necesidade de dar cobertura a todas as solicitudes de axudas amparadas baixo a orde do 23 marzo de 2000, da anterior Consellería de Política Agroalimentaria e Desenvolvemento Rural. Segundo as previsións, a contía asignada inicialmente para este e os vindeiros anos situábase en 6 millóns de euros, un crédito insuficiente para financiar todas as demandas de axudas que se axustan á convocatoria, que ten como base a orde do 5 de setembro de 2000 na que se establece o marco básico para a reestruturación e reconversión do viñedo en Galicia.

Beneficiarios

As axudas van dirixidas aos viticultores de Galicia que solicitaron un plan de reestruturación e reconversión de viñedo segundo a orde do 23 de marzo de 2005 e abarcan as seguintes formas:

- Subvención de ata o 75% dos investimentos.
- Compensación aos viticultores pola perda de ingresos derivada do período improdutivo da plantación.

Con esta liña de subvencións a consellería que dirixe Alfredo Suárez Canal pretende mellorar a competitividade do subsector do viño, o primeiro produto agrícola de Galicia, e corrixir a actual disgregación da produción (cun total de 700.000 parcelas de viñedo), o minifundismo (cunha media de 500 metros cadrados por parcela) e a escasa presenza de variedades recomendadas (só un 31% da superficie total). Esta iniciativa permitirá que os produtores melloren as técnicas de xestión, reconvertan as súas plantacións de acordo coas variedades máis demandadas no mercado e sigan distinguíndose pola boa calidade da produción de uva e de viño.



O CONSELLO DA XUNTA APROBA AS DIRECTICES DE POLÍTICA SANITARIA DE GALICIA E O POSICIONAMENTO ESTRATÉXICO DA CONSELLERÍA DE SANIDADE PARA OS VINDEIROS CATRO ANOS

O Consello da Xunta de Galicia aprobou hoxe o posicionamento estratéxico da Consellería de Sanidade para os vindeiros catro anos que se resumen nun total de 130 proxectos repartidos en 26 plans de actuación diferentes.

O Estatuto de autonomía de Galicia e a lexislación vixente establecen que as directrices da política sanitaria e sociosanitaria de Galicia deberán de ser aprobadas polo Consello da Xunta de Galicia, para que posteriormente sexan concretados pola Consellería de Sanidade que establecerá os criterios xerais. Porén, esta é a primeira vez que o Goberno galego aproba un documento destas características.

O documento autorizado hoxe polo Consello da Xunta de Galicia basea as súas actuacións na participación, a implicación e a cooperación, facendo así posible que o usuario sexa o verdadeiro eixe da atención, e que os profesionais sanitarios participen nos procesos de toma de decisión, facendo especial fincapé no carácter público do sistema sanitario galego.

As directrices de política sanitaria de Galicia e o posicionamento estratéxico da Consellería de Sanidade 2005–2009 analiza as necesidades actuais e as posibilidades de mellora dos distintos aspectos da política sanitaria e sociosanitaria galega.

Os distintos plans agrúpanse en varias estratéxicas dedicadas a garantir o efectivo servizo dos dereitos recoñecidos na lexislación sanitaria, promover unha xestión transparente do sistema sanitario, mellorar a continuidade asistencial entre a Atención Primaria e a Atención Especializada, e motivar e apoiar os profesionais sanitarios respecto dos resultados na saúde e nos dereitos dos cidadáns.

Do mesmo xeito, a Consellería de Sanidade comprométese a prestar uns servizos sanitarios de calidade, aumentar a eficiencia na xestión e na prestación dos servizos sanitarios, mellorar os sistemas de información sanitaria cara a planificación, a xestión e á prestación dos servizos sanitarios, e a reorientar o sistema sanitario para traballar a prol dos resultados na saúde e nos dereitos sanitarios dos cidadáns.



A FUNDACIÓN PÚBLICA URXENCIAS SANITARIAS DE GALICIA- 061 AMPLÍA O SEU PROGRAMA DE ACTIVIDADE DURANTE O 2005

O Consello da Xunta de Galicia autorizou hoxe a sinatura dunha *addenda* ao contrato programa entre o Sergas e a Fundación Pública Urxencias Sanitarias de Galicia 061 cun financiamento de 2.473.772,50 euros, que permitirá o financiamento da ampliación dos programas de actividade previstos este ano.

A vinculación entre a Fundación 061 e o Servizo Galego de Saúde-Consellería de Sanidade formalízase periodicamente mediante contratos-programa que permiten vincular o funcionamento da Fundación cos criterios de planificación do Sergas e coas necesidades dos usuarios. Nos contratos programa establécense os plans de obxectivos de actividades e os recursos económicos para o seu financiamento.

Así, con data 30 de xuño, formalizouse o acordo de prórroga do contrato-programa vixente, polo período dende o 1 de xullo de 2005 ata 31 de decembro de 2005. Ese acordo establece esta primeira *addenda* na que se recolle a modificación dos programas de actividades da Fundación Pública Urxencias Sanitarias de Galicia-061 no relativo á localización de servizos, obxectivos de actividade e xestión e o informe de actividade e xestión, para adaptalos as necesidades reais existentes.

Deste xeito, no que se refire á localización de servizos, a *addenda* permitirá financiar a ampliación a 10 o número de UVIs móbiles; e na zonificación da Rede de Transporte Sanitario Urxente permitirá afrontar os custos da incorporación dunha ambulancia asistencial no Concello de Arbo (Pontevedra) co que a provincia de Pontevedra queda atendida con 23 bases cun total de 30 vehículos.

A nova achega económica permitirá tamén completar o financiamento dos programas de atención ao infarto de miocardio, de actuación fronte ao ictus ou a cita previa.



OS MOZOS SANCIONADOS POR CONSUMO OU TENZA DE DROGAS PODERÁN SUBSTITUÍR A SÚA MULTA POR PROGRAMAS DE PREVENCIÓN DA CONSELLERÍA DE SANIDADE E A FUNDACIÓN GALICIA INNOVA

- *Esta iniciativa enmárcase dentro dun protocolo de colaboración entre a Delegación do Goberno e a Consellería de Sanidade*

O Consello da Xunta de Galicia autorizou hoxe a sinatura do convenio de colaboración entre a Consellería de Sanidade e a Fundación Galicia Innova, para a xestión do desenvolvemento dun programa de prevención das drogodependencias dirixido a mozos con sancións administrativas por consumo ou tenza de drogas en lugares públicos. O orzamento deste convenio, que será achegado na súa totalidade polo departamento que dirixe María José Rubio Vidal, ascende a 101.660 euros. Esta iniciativa da Xunta enmárcase dentro dun protocolo de colaboración entre a Delegación do Goberno e a Consellería de Sanidade.

O programa de prevención vai dirixido ás mozas e mozos menores de 25 anos, residentes en Galicia que non presenten síntomas de dependencia e que sexan sancionados por consumo e/ou tenza de drogas tóxicas, estupefacientes ou substancias psicotrópicas en lugares públicos.

Os técnicos do Plan de Galicia sobre Drogas, autores do deseño deste programa de prevención, destacan que esta é unha medida alternativa destinada a consumidores ocasionais, non susceptibles de tratamento de deshabitación e sen diagnóstico clínico de abuso ou dependencia.

Actividade voluntaria

A Consellería de Sanidade e a entidade sen ánimo de lucro Fundación Galicia Innova - que ten entre os seus obxectivos a mellora da calidade dos servizos no ámbito da educación, da sanidade e dos asuntos sociais- cooperarán, mediante este acordo, na implementación do devandito programa, que está baseado en actividades de formación e información sobre as consecuencias do consumo de drogas tóxicas e substancias psicotrópicas.

Deste xeito, incrementarase a percepción de risco, traballarase sobre a modificación de mitos e crenzas e potenciaranse as estratexias de habilidades de afrontamento en situación de risco.

Este programa artículase sobre o principio de voluntariedade, ao permitir aos infractores optar en todo momento entre o pagamento da sanción económica que corresponda ou a súa substitución polas actividades preventivas deseñadas.



MEDIO AMBIENTE FINANCIARÁ UNHA REDE DE SANEAMENTO DE AUGA NO MUNICIPIO DE NOIA

- *A obra custará 357.671,69 euros e consistirá en construír colectores para augas fecais no núcleo urbano e a instalación dunha rede de pluviais*

O Consello da Xunta de Galicia autorizou hoxe o expediente da Consellería de Medio Ambiente e Desenvolvemento Sostible para o financiamento dunha rede de saneamento de auga no municipio coruñés de Noia. A obra, que financiará o 100% a Empresa Pública de Obras e Servizos Hidráulicos, adscrita á consellería, custará 357.671,69 euros. As actuacións consistirán en construír unha rede de colectores de saneamento de augas fecais no casco antigo desta localidade así como a instalación dunha rede de pluviais.

A Consellería de Medio Ambiente, a través da Empresa Pública de Obras e Servizos Hidráulicos, acordou financiar o 100% desta obra unha vez estudada a petición do Concello de Noia e examinada a súa situación económica-financiera que lle impide á Administración local asumir o custo importante desta actuación hidráulica. O financiamento desta rede de colectores de saneamento farase con cargo aos orzamentos xerais da Comunidade Autónoma en dúas anualidades: 35.000 euros no presente exercicio e 322.671,69 euros no ano 2006.